

## PROGRAMA CONCERTO LUSO-BRASILEIRO

Luis Álvares Pinto – Divertimentos Harmónicos

*(transcripción para dúas frautas, violín e piano)*

Sigismund Neukomm – A Emília

*(transcripción para dúas frautas, violín e piano)*

Sigismund Neukomm – Addio

*(transcripción para dúas frautas, violín e piano)*

Marcos Portugal – Minuetes

*(piano a catro mans)*

Gabriel Gravina – Quarteto Patético

*(transcripción para dúas frautas, violín e piano)*

Ronaldo Miranda – Tango

*(piano a catro mans)*

Patápio Silva – Oriental

Chiquinha Gonzaga – Corta-Jaca

María Luísa Sanjurjo – Miña Terra

Pilar Castillo – Maruxiña



**Anderson Rocha** é Doutor pola Universidade de Brasília (BR), mestre en violín pola Louisiana State University (EEUU) e mestre en musicoloxía pola Universidade de São Paulo (BR). Os seus principais mestres foron Paulo Bosio, Alexandre Brusilowsky e James Alexander. No 1992, obtivo o primeiro premio en música de cámara no III Concurso Nacional Souza Lima (SP), actuando desde entón en importantes salas de concerto do seu país, en gravacións para a Radio e TV Cultura de Galicia, e en CDs polos selos discográficos Paulus e Pure Sound.

Integrou varias formacións sinfónicas e grupos de cámara como: Orquestra Sinfónica Municipal de São Paulo, Mississippi Symphony Orchestra, Meridian Symphony Orchestra, Orquestra de Cámara de Mato Grosso e Cuarteto Aureus, ademais de festivais e cursos de perfeccionamento en Brasil e España. De 2007 a 2013 foi profesor no Departamento de Artes da Universidade Federal de Mato Grosso – UFMT, impartindo clases de teoría, historia da música e práctica de conxunto. Actualmente forma parte do corpo docente da eMac da Universidade Federal de Goiás e colabora regularmente coa Orquestra Filarmonica de Goiás.



**Andréa Luisa Teixeira** é doutora en Ciencias da Música pola Universidade Nova de Lisboa e mestra polo Conservatorio de Música brasileiro de Rio de Janeiro. Graduada en piano pola UFG, onde traballa desde 1993 como pianista acompañante. Ten 18 premios de piano nacionais e internacionais, entre eles o primeiro premio no concurso de mellor intérprete Villa-Lobos (SP – Brasil) e terceiro premio no Concurso Maryse Cheillan – Francia (categoría profesional). Entre os teatros nos que actuou están o Carnegie Hall – Nova York, Centro Nacional das Artes (México), Teatro de São Carlos (Lisboa), Teatro de Venecia (Macau) e para a presentación do Premio Nikolaus Harnoncour en Zúrich. Recibiu a condecoración Anhanguera do Goberno do Estado de Goiás por divulgar a música brasileira en países das tres Américas, Europa e Asia. Creou o Grupo "Academia dos Renascidos" xunto con Alberto Pacheco, para promover a música luso-brasileira. Autora do libro: "Densidade do propio na Folia de Reis: unha investigación sobre tempo, mito, memoria e significado" (2009). Perfeccionouse en piano na Universidade Mozarteum de Salzburgo sendo bolsista durante tres anos nos cursos de verán e de musicoloxía con Don José López-Cálo, tamén bolsista da Universidade de Santiago de Compostela. Ideou e coordinou o proxecto "Sons do Cerrado", con 13 volumes de CD editados.



**Luís Carlos Vasconcelos Furtado** é Dr. pola Universidade de Brasília con bolsa de doutorado na Universidade Nova de Lisboa. É profesor de frauta traveseira na Escola de Música e Artes Escénicas da Universidade Federal de Goiás, onde se formou tamén interpretación (frauta). Estudou con Klaus Schohow en Munich, Alemania, Eduardo Monteiro, Odette Ernest Dias, Jean Noel Saghaard e Norton Morozowicz, no Brasil. Asistiu a cursos con Auréle Nicolet, en Rio de Janeiro. Actuou como frautista na Orquestra Sinfónica de Goiás e Orquestra Filarmonica de Goiás, e de solista coa Orquestra de Cámara Goyazes. Fixo concertos en Brasil e Portugal. Presentouse en diversos Congresos de Musicoloxía en Brasil e no exterior.



**Robervaldo Linhares Rosa** pianista e musicólogo, "Prêmio Funarte de Produção Crítica em Música – Brasil" (2013), 1º Premio no Concurso Nacional de Piano Art-Livre – São Paulo (2002) e 1º Premio no Concurso Nacional de Piano do Instituto Brasil – Estados Unidos – Rio de Janeiro (1997). Doutor pola Universidade de Brasília (UnB). Mestre en Música pola Universidade Federal do Estado de Rio de Janeiro (UNIRIO). Licenciado en Piano, pola Universidade Federal de Goiás (UFG). É profesor nesta institución desde 2009, sendo coordinador do curso de Licenciatura en Música (2012-2013), e desenvolve investigacións que procuran conciliar a práctica musicolóxica coa práctica interpretativa. Grande intérprete e divulgador do repertorio dos séculos XX e XXI, sobre todo da obra de Seymour Bernstein, Almeida Prado e Estêrcio Marquez Cunha. Robervaldo Linhares é constantemente demandado polas novas xeracións de compositores para que presente as súas obras en estreas mundiais. Presenta recitais en diversas cidades do Brasil e do exterior. Destaca a súa actividade camerística, no Dúo Limiares, coa frautista Sara Lima. Publicou "Poemas de Amor e Variações" (Ponto e Traço, 2003). Participou no CD "O som de Almeida Prado" (Unirio, 1999). No 2013 publicou "Como é bom poder tocar um instrumento: pianeiros na cena urbana brasileira" (Cânone Editorial, 2013), libro premiado co "Prêmio Funarte de Produção Crítica em Música 2013".